

04 OUTUBRO DO 2007 - NÚMERO 690

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Rita Rodríguez



Rita Rodríguez

Unha acción

Rita Rodríguez (A Coruña, 1981) ten como campo de traballo a performance e a acción. De feito, a súa proposta revelouse como unha das máis poderosas desenvolvida nos últimos anos en Galicia, nunha liña que formula os ámbitos públicos como eixe formal e conceptual. Mostras como a que lle dedicou o Marco de Vigo ou o Premio Novos Valores da Deputación de Pontevedra supuxeron o impulso definitivo para unha artista de sorprendente coherencia e compromiso dentro da súa xeración. Revista das Letras propúxolle unha acción para desenvolver no xornal e a súa resposta son estas páxinas de irónica ollada sobre o exceso da información na sociedade globalizada.

Rompe este prego en mil ped

dazos e arróxaos pola fiestra

Unha invitación ao pracer... ao risco
do facer, do pensar; sen dicir nin a
quen nin para que. Unha
petición para exercer a liberdade de
ser, fronte á abulia do simple estar.
Un rogo de mirar, suspirar, acariñar,
escoitar e saborear ... máis alá de ver,
respirar, tocar, ouvir ou engulir. Coller
calquera cousa que estea a mán: fío,
xiz, globos, papel... Porque a
sinxeleza, coma o silencio, coma a folla
espida fronte á *mancha*, é o mellor
camiño para lembrar, xustamente,
o seu oposto: que somos máis que
carne atrapada nunhas coordenadas;
porque esa carne latexa, como o fai
o espazo. Un espazo que nos di ese
nonseique, e realmente é el, e non
Rita, quen berra, quen suplica: fai algo,
bícame, percorre as miñas esquinas...
ou se che peta, se te atreves,
esnaquízame.

【Laura S. García】

11 OUTUBRO DO 2007 - NÚMERO 691

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Suso de Toro

Suso de Toro (Compostela, 1956) é un dos grandes renovadores da narrativa galega, un home comprometido co mundo e cos colectivos que logrou romper os corsés onde se cingue, con frecuencia, aos escritores do país. A súa novela *Tic-Tac* (1993) é aínda hoxe referencia imprescindible dun panorama que el leva axitando des que en 1986 publicou *Polaroid*, sen dúbida a súa obra máis influente. Desde aquela, este home –coñecido durante un tempo por levar sempre gafas de sol, recurso co que pretendía preservar a identidade das posesións públicas– despregou unha actividade desbordante: ensaios, pezas de teatro de notable éxito e incontables artigos periodísticos, xénero que o converteu nun dos máis punxentes cronistas da realidade galega. Agora, ás portas da inminente publicación de *Madeira de Zapatero*, o seu ambicioso libro sobre a figura do presidente do Goberno español, polo que sente verdadeira paixón, Suso de Toro pecha os monográficos de verán de Revista das Letras cun relato sobre o transo dun infarto. En *To*, o escritor incide na obsesión de boa parte da súa obra: a identidade, desta volta a través da conciencia dos límites do corpo. O propio De Toro recoñece que “talvez me estou volvendo vello”, pero o certo é que *To* demostra até que punto a contundencia da súa escrita continúa sendo explosiva.

Suso de Toro

To



Aaahhhh. A auga quente abríalle o corpo todo, deixaba saír fóra a canseira toda canta había. Mesmo a fatiga de vivir. O aborrecemento. En duchándose era como se decataba un do fatigado que andaba. Extenuado estaba el. Farto da súa vida, farto de si propio. Ahg. Mal sabor de boca. Precisaba dun Almax e un vaso de auga. O móbil. Onde sería que estaba o condenado, quixera chamar ao despacho e non o atopara. En saíndo da ducha, máis esperto xa, buscaría por el outra vez. Caería debaixo da cama. E agora a auga fría, se non, non daba revivido. O frío reconstruíao.

A calor desfai, o frío reconstrúe. A chave da fría, aí vai auga fría. Así. Así. O chorro no cabelo, na cabeza. A cabeza que quiere rebentar de dor xorda.

Ai. Mareo. Este mareo. Que caio, que me arrimo á parede, ás baldosas frías, frías, e ese mareo total. E con todo non caio, déitome contra a parede e non caio. Cerro a auga que cae fría e me está a matar, a man dá cerrado despacio a billa. E respiro, fago por respirar. Que é que me está a pasar, que é que me pasa. Mareo, este mareo. Resaca. Non, outra cousa. Que calor na fronte. E que frío no lombo. E que vacío. Que baleiro tan grande dentro dun. O baleiro da primeira hora da mañá, o baleiro da vida, o que había que combater. Aquel apartamento seu era vacío, estaba vacío. É como se fose cousa absurda. Mais a súa casa, coa súa muller, por que lle seguía a chamar “a súa”. Tampouco a súa casa era, tampouco era. Era a casa dela. Como sería a casa agora co neno? Se cadra era distinta. Había xoguetes. E cheiraba a neno. A vez que estivera alí cheiraba a neno. Xa andaría. A que anos empezan a andar os rapaces? Ou son meses? Tería un

ano o rapaz. Ou máis. Ano e medio xa. Levaba dous anos xa a vivir no apartamento. Quedáralle a ela a casa. Non importaba. Non era tampouco unha casa. Non había casa. Non había. Había aquel baleiro agora alí. Un arrouto, sabor acedo. Do whisky. Non debera ter bebido tanto. Agora xa estaba feito o mal, fixeralle mal.

Aquí. Aquela presión no peito, aquela dor, aquel afogo que tiña era outra cousa. A perna de onte, onte doéralle unha perna. E podería ter que ver unha cousa coa outra? Podería. Quizais. A ver como respiraba. Se cadra respiraba e xa pasaba. Xa pasaran aqueles tempos nos que as cousas pasaban, viña unha dor e marchaba. Agora as cousas ficaban nun, ficaban as dores no corpo. Estáballe a coller frío alí parado no baño apoiado contra as baldosas. Estricando un brazo apañaría a toalla. A ver como facía, despacio, a toalla. E abrigarse un pouco. Onde andaría o carallo do teléfono móbil. Sentía o frío no corpo e con todo estaba a suar con aquel mareo. Agora camiñaría despacio apoiándose no váter e agora un pasiño máis e xa estaba.

Xa estaba alí de pé agarradiño, ben agarradiño á pileta. Diante do espello. Que mala cara, que mala cara tiña. Era a do seu pai. Era a cara do seu pai.

A cara do meu pai, que fai aquí. Pálida, pálida. A barba cinzenta da mañá na cara pálida e coas olleiras, as fazulas caídas. Un feitizo, é maxia. Maxia no espello. É a dor no peito, o afogo que non me deixa respirar e que me ten atordado. Cando eu o vin xa tiña os ollos fechados, os seus ollos eran como os meus. Os meus como os seus. Aquela casa. A casa seguía cerrada, desde que morrera o pai. Xa morrera a nai, o pai vivía

só. Até que morreu. Habería un ano. Morrer.

Morrería, morrería el. A dor non lle pasaba. Morrería. Un infarto, podía ser un infarto. Mais dicían que o whisky era bo para o infarto. Se cadra fora moito, fora de máis. Infarto. Afogo. E morrería alí no cuarto de baño. Falláballe a man esquerda que se suxeitaba un lado da pía, e as pernas fallaban. A man escorría na louza lisa e fría, tirou cun lápiz de ollos. A quen lle quedaría alí un lápiz de ollos. Aquela morena. Miriam? Non, Mari. A alta. A que falaba tanto. Tirou cun tubo de pomada para a pel. Para a pel graxa, limpaba a pel e deixábaa suave. Despois do afeitado. Tiña a boca aberta no espello, a boca aberta e torta. Pingábanlle babas no canto da boca. Caía, derreábase, esfurricábase alí no espello. Caía todo el. Aí vai, aí vou. Pamba. Caera. No chan.

Non sinto. Non sinto cousa, o golpe. Non sinto dor de golpe ningún. Só a opresión no peito e no brazo tamén. Mareo. E suor. O móbil, onde é que andaría o condenado. Chamaría á notaría. Que viñesen. Que avisasen o médico. Hoxe pola tarde viñan asinar as escrituras do novo polígono de vivendas. E eu non estarei. Estarei aquí. Aquí deitado. Caído. Carallo, como se habían anoxar. Tanto tiña. Tanto tiña todo. Todo.

A súa cara. A cara do espello. Seguiría aínda a estar a cara do seu pai, a tela na súa cara? E sería un momento ou sería que lle saíu para fóra de dentro súa e xa? O neno imitábase a el, iso dixera ela. Cando vira o seu pai morto, avisáranlle da aldea unha veciña, estricado na cama, cruzáranlle as mans sobre o ventre, non vira semellanza. Era unha cousa baleira. Faltáballe o ar, rebentáballe a cabeza. Tamén alí a casa estaba baleira, ficara cerrada e non se volvera abrir.

El non volvera por alí. Nin a vendera nin a abrira.

Anda, olla o móbil onde foi parar, alí o está. No curruncho. Alí está o condenado. Aínda podo chegar a tempo, se chego a el. Se chego a el. A cara húmida no chan contra a baldosa. Se me dou arrastrado, se me dera arrastrado. A ver. A dor no brazo. Non, encoller o brazo, non; alongalo cara ó curruncho. A dor no brazo e o brazo encollido. Se o dera alongado podería abrir o aparello e marcar o número e chamar á notaría e collería o teléfono Rosa e diríalle o que lle está a pasar e unha ambulancia e se dera alongado o brazo mais está encollido e o móbil está aí diante mesmo e non o deu collido con esta dor. Infarto. E morrerei aquí. Morrerei de infarto. Alí está a pingueira debaixo da pía, non veu o fontaneiro por máis que o chamei. Agora tanto ten, que vaia para a merda o prea do fontaneiro e todo quisque. Entre todos acabaran con el, todos querían algo del, todos a tirar del para aquí e para aló, para todos lados e xa non podía máis. Estaba farto, canso, non podía máis. Doíalle o peito e estaba mareado. O seu pai, a súa nai, a muller, os clientes, os empregados, até o seu fillo, aquel besbello pequeno que aínda non falaba quería algo del. Ou xa falaba? Falaría xa? Que lle dixeran a nai o mes pasado por teléfono? Todos, todos querían algo del. Non o podían deixar en paz. Agora si, agora que fosen todos á merda. Agora que xa estaba alí caído.

Caído. Suando e con este frío. E con esta cara que se me puxo. Quen me verá? Virá alguén e me vrá cando estea morto. Jaqueline, a asistente, colombiana. Verame a colombiana aquí tirado, un, esporranchado. Faránme fotos? Mover a toalla un pouco coa outra man, que me tape. Así. Mareo, tanto mareo, todo mareo. Esváense as cousas. Vaise todo. Todo. To.


Coordinación: A.R. López, Montse Dopico e S. Noia. Deseño: Signum.



18 OUTUBRO DO 2007 - NÚMERO 692

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Queer



Teoría *queer*

O período das microrrevolucións

Montse Dopico/A.R. López

Asentados polo feminismo os alicerces da subversión das concepcións tradicionais sobre o xénero, os colectivos de gays e lesbianas iniciaron coas súas vidas o período das microrrevolucións. A da visibilización doutros xeitos de entender a sexualidade e as relacións de parentesco. A teoría *queer* foi máis aló. Aprofundou no cuestionamento do heterosexismo como institución de obrigado cumprimento. Rebelouse contra os binomios da linguaxe que encorsetan as identidades reducíndoas a pares de esencias opostas: masculino-feminino, heterosexual-homosexual, home-muller.. Reivindicou a loita de base, na rúa, nun constante intercambio con outras colectividades marxinalizadas, fronte á interlocución coas institucións como estratexia de traballo do movemento lgbt. Negou a suposta conexión unívoca entre sexo e xénero. Defendeu a loita contra a homofobia, a través da transformación das mentalidades, como obxectivo prioritario, fronte á conquista de avances no eido legal. Advertiu contra o risco de mercantilización do movemento lgbt que entrañaba as trampas da sociedade de consumo. Recoñeceu como paso adiante a supresión da discriminación dos e das homosexuais no dereito ao matrimonio. Pero lembrou que existen outros modos de concibir as relacións, que se afastan do erixido como norma polas parellas heterosexuais.

Nesta páxina, un grupo de 'queers' celebra a súa amizade. Na páxina seguinte, arriba, voda de dous homes vestidos de galegos. No centro, manifestación no Obradoiro polos dereitos dos gays. Abaixo, multitudinaria protesta do PP e da Igrexa contra o matrimonio entre persoas do mesmo sexo.

R

esistencia. Subversión dun universo mental colectivo que teima por encerrar en categorías simples –heterosexual, homosexual, bisexual– o campo da sexualidade e da identidade. Cuestionamento do heterosexismo como institución obrigatoria. Do binomio masculino-feminino. Do matrimonio tradicional como opción única para as relacións de parentesco humanas.

Queer é todo iso. E moito máis. Primeiro foi acción. Despois teoría. Hoxe é o miolo dun dos discursos que animan a praxe do movemento lésbico, gay, bisexual e transexual. O termo *queer* tivo, historicamente, connotacións negativas, pexorativas. Empregábase para invocar o raro. Ao que non acababa nunca de encaixar. E, desde o século XIX, ás persoas cunha orientación sexual diferente á erixida como “normal” polas convencións sociais. Nos 80, o adxectivo *queer* é reapropiado. Resignificado. Para pasar de ser utilizado como insulto, con ánimo de ferir e humillar, a converterse en fórmula, metáfora, do orgullo da identidade homosexual.

Javier Sáez repasa no ensaio *Teoría queer. Políticas bolleras, maricas, trans, mestizas*, editado por Egales no 2005, a historia do contexto sociopolítico do xurdimento da *teoría queer*. Segundo conta, nos 80, a sida fulminaba a vida de moitas persoas sen que os gobernos se inmutaran. As políticas sanitarias non acollían entre as súas prioridades os colectivos –homosexuais, heroinómanos...– estigmatizados coa etiqueta de *grupos de risco*.

En Estados Unidos, un grupo composto por persoas seropositivas, gays, lesbianas, drogodependentes, traballadores sexuais, negros, chicanos... funda o ACT UP. Un colectivo que rachaba co carácter asimilacionista das asociacións de dereitos civís tradicionais. O ACT UP non buscaba un oco para os marxinados dentro dunha orde social normalizador e normalizado. Senón a súa transformación. Tamén nos 80, o movemento feminista vive algunhas mudanzas. Ao incorporar ás súas reivindicacións as mulleres lesbianas, negras, transexuais... até aquel momento esquecidas polas propias feministas. Invisibilizadas polas nulleres brancas, heterosexuais, de clase media e dos países ricos, que foran as únicas voceiras do movemento feminista. Sen decatarse de que a raza, a clase social, a orientación sexual... e outros factores facían tamén parte da exclusión. Nin despoxarse dunha visión esencialista e naturalizada do sexo e do xénero.

No movemento gay, a revolta de Stonewall abrirá o camiño, no ano 1969, á toma de conciencia orgullosa dunha comunidade homosexual que se negaba, a partir daquela, a seguir

conformándose coa petición de respecto e tolerancia co diferente. Nos 70, as organizacións de gays e lesbianas logran algúns avances na conquista do recoñecemento dos seus dereitos civís.

Co tempo, o capital vaise decatando de que xurdira un novo “nicho de mercado” a explotar, de xeito que comeza un proceso de creación de espazos de lecer e consumo dirixidos ao mercado *gay*. As organizacións lgbt abrazan un discurso posibilista, baseado nunha estratexia de integración na ‘normalidade’ (definida como a supresión da discriminación no acceso a dereitos como o matrimonio).

Esta opción acada grandes conquistas legais. Pero tamén contribúe a invisibilizar as condutas máis transgresoras da norma: o sadomasoquismo, travestismo, a *pluma*, a pornografía, o fetichismo, a promiscuidade... aquilo que a sociedade dificilmente aceptaría como respectable. Nos 90, os colectivos *queer* amosan a súa oposición tanto á mercantilización da cultura *gay* –da identificación do gay con certos estereotipos ligados ao consumismo– como a esa nova *orde homosexual* de gays varóns, brancos, fielmente emparellados, de clase media.... que renunciaba, agardando, se cadra, a coxunturas máis propicias, a reclamar o dereito a outras formas de relacionarse e desexar.



Os colectivos *queer* reclaman liberdade para amar como queiran. Incorporan as súas reivindicacións ás doutros grupos marcados pola marxinação: precarios, desempregados..., de xeito que a súa identidade pasa a definirse de modo multiforme, poliédrico, ou, máis ben, a escapar de definicións e clasificacións pechadas, fixas. Denuncian o heterosexismo como institución de obrigada asunción e cumprimento nunha sociedade que encamiña desde o berce a orientación sexual para encaixala a presión nun molde que invisibiliza ou rexeita as alternativas.


E aínda van máis aló. Ao poñer en dúbida o mesmo binomio omnipresente do masculino e o feminino. Por iso, tratan de liberar, expresar, rescatar do cárcere do agochamento, o lado *masculino* das mulleres e o *feminino* dos homes. Néganlle o carácter de exclusividade dun ou outro sexo ós comportamentos tradicionalmente considerados *masculinos* ou *femininos*.

O sociólogo David Córdoba desentraña nun artigo publicado no mesmo libro antes citado a xenealoxía da teoría *queer* no pensamento occidental. Despois, resume as súas propostas. “A sexualidade é un ámbito do social e, como tal, está constituída por relacións de poder”, apunta como primeira idea. “O espazo social así delimitado como sexualidade está hexemonizado por unha norma heterosexual”, engade.

“Homosexualidade e heterosexualidade non son entidades autónomas, senón que responden a un mesmo mecanismo de poder, a unha relación que as produce a ambas”, matiza.

“Na medida en que a identidade sexual non é a actualización ou expresión dunha esencia, o seu carácter é performativo. Toda identidade constitúese no contexto das relacións de poder mediante unha fixación ou estabilización parcial precaria dalgúns dos seus elementos a través da súa repetición, e tamén da represión ou exclusión doutros elementos posíbeis”, asegura David Córdoba. “A sexualidade entendida como unha forma cambiante e movediza de estar no mundo é *queer*”, escribe Marla Morris no libro *Pensando queer. Sexualidade, cultura e educación. Crítica e fundamentos*, editado por Graó no 2005.

“Dado que a sensibilidade *queer* tenta desfacer a clara e ordenada relación que, aparentemente,



existe entre sexo e xénero, a política *queer* conleva o intento de resolver a ambigüidade e complexidade que rodea o concepto do que constituiría ser persoa. Na teoría *queer*, a persoa é un fenómeno complicado e contraditorio”, engade.

“Os teóricos e activistas *queer* esforzándose por crear, mediante a expresión lúdica, espazos nos que escenificar as representacións das identidades e as políticas máis *queer*. Entre esas expresións lúdicas podemos atopar a representación, o humor e as bromas. E a broma, aínda que quede nalgo meramente banal, serve para interromper o *statu quo*: o humor serve para debilitar aquilo que se dá por suposto”, di.

“Por iso, para min as sensibilidades lúdicas poden chegar a ser políticas. Ao subvertir as nocións de identidade e sexualidade, os teóricos e activistas *queer* volven do revés e poñen patas arriba as categorías que se admiten sen discusión”, afirma Morris.


A interpretación desta experta conflúe en boa medida coa praxe de colectivos galegos como Maribolheras Precárias.

O termo *queer* designa hoxe unha actitude inconformista, disidente, contestataria, arredor da sexualidade e o xénero. Suxeito *queer* é toda persoa marxinalizada pola sexualidade convencional.

Non só gays, lesbianas, transexuais, bisexuais, intersexuais... Tamén os heterosexuais que non aceptan as normas da sexualidade correcta segundo mandan os vellos roles de xénero. Nin ven as formas de parentesco alternativas á familia nuclear tradicional como opcións de segunda clase, sucedáneos pobres da suposta modalidade ideal. Os teóricos *queer* insisten en que o xénero é un invento da sociedade. Creado a través dos discursos da escola, a familia, os medios de comunicación..., que serven para normalizar. Encaixar os comportamentos en normas.

Judith Butler, a nai da teoría

A explicación de Córdoba deixa entrever a pegada das obras de Judith Butler, unha das nais da teoría *queer*. Butler defende que a identidade de xénero que contrapón o masculino co feminino é performativa, creada a través da repetición ritual dunhas normas. Construída a partir –dunha diferenza biolóxica a dos órganos sexuais– que non debería ter transcendencia social. Chama a parodiar o xénero con actos que se mofen da heterosexualidade como norma obrigatoria, das identidades masculino-feminino como recintos pechados e estáticos, e da especificidade lesbiana e gay que, igual que a hetero, tenta orbigar a desexar dun modo determinado.



Sexo e xénero non están necesariamente relacionados dun determinado xeito. Ter vaxina e peitos non implica ter que adoptar por unha especie de forza natural, innata e irresistible comportamentos considerados socialmente femininos. E o mesmo tendo pene. Por exemplo, na sexualidade. A unha muller pode gustarlle penetrar. E a un home ser penetrado.

As sensibilidades *queer* tentan liberar as persoas das categorías, das etiquetas. Das trampas da identidade. Sexa cal sexa: hetero ou homo, transexual, ou intersexual. Porque o outro está en nós, forma parte de nós, e nós do outro. As oposicións excluíntes coartan a liberdade.

En Galicia, o pensamento *queer* é desenvolvido por persoas como os profesores da Universidade de Vigo Beatriz Briones e Xosé Manuel Buxán Bran. “A teoría *queer* ten unha repercusión moi pequena no pensamento hexemónico”, pensa Buxán. “Sexa o teñen difícil os estudos feministas e gays, a teoría *queer* logra unha influencia aínda menor. Creo que os colectivos lgbt se atopan en Galiza nun momento baixo en canto a repercusión social. As propostas ideolóxicas están moi atemperadas. Faltan persoas que actúen como referentes, que teñan unha presenza suficiente nos medios de comunicación...”.

O colectivo coruñés Maribolheras Precarias é a asociación lgbt galega que máis se move en confluencia coa teoría *queer*.

“O movemento lgbt busca como interlocutores as institucións públicas, co obxectivo de acabar coas discriminacións legais. Para nós, non se trata só de rematar coas discriminacións. É transformar a sexualidade no seu conxunto. Porque o heterosexismo funciona como un réxime político con leis propias, insertas en todos os mecanismos de reprodución social: escola, cinema...”, explica Rubén Centeno, membro de Maribolheras.

“Nós cuestionamos, desde o ámbito local e desde o traballo de base, que o xénero sexa algo natural. Reivindicamos que hai máis variantes que as que caben no binomio masculino-femenino, outros modos de vivir e entender o xénero. Por exemplo, a que pode ter un transexual. Queremos transformar o que é unha identidade de consumo, como unha marca a través da cal se define un estilo de vida relacionado cos bares de ambiente gay... por unha

identidade máis política, máis reivindicativa”, engade.


“Para iso buscamos crear espazos autónomos en lugares públicos, integrando a xente doutros colectivos, –asociacións de precarias, por exemplo– e construíndo unha cultura autoxestionada alternativa. O dereito ao matrimonio elimina unha discriminación, pero tamén reproduce o modelo de parella homogámica. Reivindicamos outros modos de entender a familia, as relacións sexuais...”, conclúe.

As propostas *queer* están presentes tamén, porén, na acción do resto do movemento lgbt galego. Porque a teoría *queer*, máis que oporse ao pensamento xerado polo movemento lgbt, complementao, faino avanzar achegándolle novas perspectivas.

É o que se desprende das palabras doutros activistas, como Esteban, do colectivo vigués Raras Somos Todas. “Concentrámonos na lei de matrimonio, en axudar a que saíra adiante, non nos queda moito tempo para a teoría. A teoría *queer* achega diversidade, axuda a evitar o pensamento único. A romper as barreiras do encasillamento, os estereotipos: son gay, daquela rico...”, explica.

“A loita polo matrimonio supón superar unha discriminación, pero tamén nos leva a un modo de normalidade, de adaptarnos ao cliché dos outros. Se tes parella estable es mellor visto. Ser favorable a que non haxa unha discriminación non significa ser partidario do matrimonio tradicional. Apostamos pola liberdade de non ter que adaptarnos ao considerado normal. Non me gusta que todo siga un patrón”, engade.

Alfredo Saborido, da federación de colectivos lgbt galegos Aturuxo, aclarou, nunhas declaracións realizadas con motivo do día do Orgullo Gay, que “cremos que para cambiar as cousas hai que facelo desde dentro, entrar no sistema e ter contacto coas institucións. Nós non defendemos o modelo tradicional de familia e matrimonio. O que queremos é que existan máis opcións, e non só ese único modelo, para que cada un escolla o que queira. Polo demais, o Orgullo está mercantilizado en Madrid, pero aquí non”. A teoría *queer* deixou a súa pegada no movemento lgbt. Intensificando a loita contra a homofobia. Desde a mobilización de base nas rúas.



Na páxina anterior, abaixo *Homenage à Freud*, de Michael Journiac. Arriba, á dereita *You are not the only one who is lonely*, de Urs Lüthi. Á esquerda, *Le pointage*, de Michael Journiac. Nesta páxina, á esquerda entrada ao Clube Stone Well, en Nova York, berce do movemento gay. Á dereita, o brazo dun neonazi, grupo ideolóxico que se converteu no principal inimigo do movemento identitario alternativo



Juan Vicente Aliaga aplicou os estudos de xénero ao ámbito das representacións artísticas. Hai uns días visitou Compostela e Revista das Letras falou con el das iconas *queer*, da diversidade humana e, sobre todo, da “sexopolítica”: o capitalismo, asegura, segue obsesionado pola divisoria entre o masculino e o feminino.

As leis do binomio

Aínda demerxido nos últimos retoques de *A batalla dos xéneros*, a exposición que comisariou para o Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) sobre o horizonte do paradigma feminista na arte, Juan Vicente Aliaga fai un alto e percorre algunhas das claves das identidades emerxentes. Ao seu xuízo, “a sociedade occidental, capitalista, segue estando totalmente obsesionada pola divisoria entre o masculino e o feminino”, afirma. “O binomio”, como el o denomina, non desapareceu en absoluto, pero recoñece que se avanzou moito: “A lei do matrimonio homosexual, por exemplo, foi un avance importantísimo. Hoxe hai moita maior visibilidade: as manifestacións do día do orgullo gay son masivas. Pero noutras esferas non houbo avances. Na cultura mediática hai unha continua insistencia na identificación do feminino coas mulleres e o masculino cos homes. Sería conveniente, se cremos na diversidade humana, falar do masculino na muller e o feminino no home, e de moitas formas do masculino e de moitas formas do feminino”.

“O movemento de gays, lesbianas e transexuais, o maioritario, o que máis visibilidade adquiriu, a Federación de gays e lesbianas, optou pola perspectiva máis posibilista, máis centrada na cuestión legal. Sen dúbida, a legalidade é importante, pero hai outras realidades que non se contemplaron, tamén porque non se pode facer todo en tan pouco tempo. É máis fácil aprobar unha lei como a do matrimonio homosexual malia a resistencia dos bispos e do PP, que cambiar as mentalidades a través da educación, que é un proceso de moitos anos. Esa é unha revolución de gran peso que queda aínda por facer”, reflexiona Aliaga.

“Hai unha visión aínda bastante predominante na nosa sociedade, digo o gay porque ás lesbianas son ignoradas totalmente, de que o gay equivale a festa continua, a consumo desenfreado de produtos. Moitos programas de televisión ridiculizan a comunidade gay e inciden nos estereotipos. Hai persoas que non comparten o concepto tradicional de matrimonio: que non queren seguir todo o cerimonial que existe arredor das vodas, ou queren

vivir doutro xeito: de modo máis provisional, sen esta asociación falsamente eterna do que é o matrimonio. Existen outras realidades que foron máis invisibilizadas pola perspectiva maioritaria do movemento lgbt. A palabra normalizar non me gusta, porque ser normal é adecuarse a un molde preexistente, no que non me sento reflectido. Normalizar é como buscar o respectábel, e o respectábel é que ninguén te sinale co dedo porque se supón que fixeches algo que se considera indebido”, di.

O heterosexismo como institución orbigatoria é moi denunciado por Aliaga. “Aos nenos e ás nenas ensínaselles que o correcto é ter un noivo ou unha noiva do sexo oposto. Iso é a normalidade. Vémolo nas familias e nas escolas. En realidade, hai moitos modos de entender a heterosexualidade. Non se trata de dicirlles aos nenos que teñen que aceptar a homosexualidade ou a transexualidade, nin a heterosexualidade. Pero si, polo menos, falarlles de todas as realidades que existen”, matiza.

“Se non se produce unha revolución na educación este tipo de estereotipos non se van erradicar. E o suxeito edúcase ou desedúcase a través non só da escola, senón doutras realidades: medios de comunicación, familia, amigos e amigas.. todo iso inflúe. Eu creo que a asociación da pasividade co feminino e tamén co homosexual e a actividade ao masculino e ao home heterosexual aínda practicamente non se cuestionou. Até tamén entre os gais a retórica do activo e o pasivo reproducése. Aínda hai moitos tapuxos. Non se fala aínda abertamente da sexualidade. Nunca se fala de realidades como a de homes que gozan sendo penetrados. É un tabú, porque iso *feminizaría* o home. Cada un ten que facer co seu corpo o que considere oportuno, pero limitar o sexo ao coito paréceme realmente empobrecedor. Ser penetrado non é nada negativo, que unha persoa sexa penetrada se quere selo non ten nada de malo”, conclúe. O discurso de Aliaga serve, se cadra, como proba da complementariedade entre a teoría *queer* e a teoría lgbt anterior aos 90.



Beatriz Suárez Briones é profesora na Universidade de Vigo. Experta en teoría feminista, referente internacional e pioneira en Galicia, Briones é unha das responsábeis dun proxecto internacional de investigación sobre teoría queer. Ao seu xuízo, o movemento feminista foi evidenciar que o xénero é unha construción social.



No intercambio

Considerada unha das das teóricas máis lúcidas do queer e referencia do movmento de liberación non só en Galicia senón tamén en Europa, Beatriz Suárez Briones está en contra de dividir o lgbt –lesbianas, gays, bisexuais e transexuais– en dúas tendencias: unha máis conservadora e outra máis contracultural, a queer. “A loita polos dereitos non é conservadora. Nin se esgota no dereito ao matrimonio. O realmente difícil non é tanto o activismo na rúa como ser no teu lugar de traballo, en toda a túa vida, todo o tempo”, puntualiza.

A teoría queer é, para Briones, filla da teoría feminista. “Non se pode falar da teoría queer sen a teoría feminista. Había algunhas cuestións que a teoría feminista non pensara o suficiente, e a teoría queer é suplementaria neses ámbitos. Como o é da teoría gai e lesbiana. Todas as teorías postmodernas son produto do diálogo de varios corpus de pensamento, e do intercambio entre teoría e práctica militante. Aínda que tamén hai tensións entre teorías”, sinala.

Briones cre, porén, que a teoría queer acadou unha maior presenza, quizais, na Universidade, que na sociedade. O cal non significa que non estea a deixar a súa pegada na rúa, nas mentalidades e nos comportamentos. “Por un lado está a teoría queer que é produción intelectual na Universidade. Por outro a acción dos colectivos lgbt. Entre teoría e movemento hai unha inseparable interrelación. Hai unha vida alternativa, outros modos de estar no mundo, de entender as relacións interpersonais e sexuais, desde a práctica, desde a vida cotiá. En Galiza, os grupos organizados lgbt non son moi visíbeis. Talvez, a teoría queer onde está máis presente é na Universidade”, cre.

O queer deixase ver, entón, na praxe. No cotián. Alén da teoría. Porque tamén é un xeito de ser, de actuar. De persoas que, mesmo, descoñecen a produción teórica queer. “A xente pensa que a sexualidade é un placer e un dereito que todos temos. O pensamento sobre a sexualidade flota no aire, impregna todo, relacionado co desexo de ser persoas máis libres, tamén na sexualidade.

A teoría queer axuda a pensar a sexualidade dun modo máis libertario. Pero o interese na sexualidade está tamén fóra, fóra da Universidade. Véndenos un catálogo de prácticas moi reducido. A xente decátase de que hai máis, quere disfrutar da súa sexualidade libremente, ampliar as posibilidades, saber máis...”, constata. “Hai máis mundos que o heterosexual, máis formas tan lexítimas e autorizadas de vivir a sexualidade. A sexualidade non está máis alá da cultura. A heterosexualidade non é o normal, non hai unhas sexualidades máis normais que outras. E a sociedade, -excepto sectores moi conservadores- é capaz de pensar máis aló desa idea de que a homosexualidade non é normal”, comenta.


A teoría queer veu complementar a teoría feminista e a gai e lesbiana. “O gran logro do movemento feminista foi facernos ver que o xénero é unha construción social. Que o masculino e o feminino son categorías que nos encorsetan. Masculino e feminino son dúas ideas imposibles de cumprir ao 100%. Hetero, homo, bi, son identidades que nos encorsetan. Flexibilizar as identidades de xénero é a consecuencia do movemento feminista, lesbiano e gai, e queer”, subliña Beatriz.

O par ríxido masculino-feminino sostén a discriminación das persoas homosexuais e das mulleres. incluídas por supostos as mulleres heterosexuais. “Mentres exista a concepción dual de masculino-feminino, como dúas esencias, a gualdade non se producirá. A existencia do par home-muller implica xerarquía que pon por enriba ao home. A denuncia do heterosexismo non comezou coa teoría queer, senón coa feminista. Nos 70, dentro do movemento feminista, xurden grupos que denunciaron que as feministas se olvidaran das lesbianas. Os gais, lesbianas e transexuais formulaban coas súas propias vidas unha microrevolución. O movemento de lesbianas e gais deu un paso. A teoría queer foi máis aló, inclúe tamén aos transexuais, por exemplo. Hai máis posibilidades que os dous sexos biolóxicos”, conclúe Briones.



Nesta páxina, ‘Some Living American Women Artists’ de M.B. Edelson. Na páxina anterior, desde a esquerda, Surrender de Tee Corinne; ‘Red flag’ de Judy Chicago e ‘Barroca alegre’ de Juan Hidalgo. Todas estas imaxes forman parte da exposición ‘A batalla dos xéneros’, que se exhibe no CGAC


Coordinación: A.R. López, Montse Dopico e S. Noia. Deseño: Signum.



rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**

25 OUTUBRO DO 2007 - NÚMERO 693




Vladimir Putin

Despois de doce anos ocupando a Presidencia de Rusia, Vladimir Vladímirovich Putin busca a forma de perpetuarse na política, un camiño no que só ten dúas saídas: presentarse ás eleccións para saír primeiro ministro –un propósito que xa anunciou aínda que sexa difícil imaxinalo baixo o mando de outros– ou modificar a Constitución, que limita a reelección a dous mandatos consecutivos. Cunha popularidade envexable entre os votantes (case o 60 por cento amósase especialmente satisfeito co seu traballo), un labor diplomático destinado a converter Rusia na superpotencia que foi a Unión Soviética (ten como aliados os outrora inimigos fundamentalistas do Irán ou as emerxentes repúblicas de corte bolivariano de América


Vladimir Putin

O home do peito de lobo

Latina), Vladimir Putin teceu ao seu redor un labirinto de sombras onde se agochan asasinatos, extorsións, envelenamentos, corrupción, estratexias para desfacerse dos opositores e campañas de desprestixio para varrer os empresarios inimigos. Xunto a este Putin de mirada arrogante, amo dun país onde xermolaron os neonazis, os xenófobos e o índice de criminalidade máis vertixinoso do continente, está o outro Putin sedutor, que se lle presenta aos electores dándolle de mamar a un tenreiro ou acariñando un can de caza co máis bondadoso dos seus sorrisos. Nacido en 1952 en San Petesburgo, Putin medrou á sombra do temible KGB e do presidente Yeltsin, que o nomeou director do Servizo Federal de Seguridade (SFS), a policía política do sistema. O seu programa defínese, a grandes trazos, nas mostras de autoritarismo evidente, o chamamento nacionalista e militar, as vacilacións democráticas e unha traxectoria que combina o apoio ao mercado coa economía dirixida. Rusia –esa mesma Rusia que idolatrou o Partido Comunista e que agora se sente fascinada por todo o ilegal– adórao e el adora o seu poder. No último verán, unha sesión fotográfica do presidente na República siberiana de Tuva amosoulle ao mundo enteiro as súas poses machudas, imitación dos heroes das películas de acción de serie B. Con motivo desa posta en escena pública –Putin é reacio a conceder entrevistas ou asistir a actos públicos–, Revista das Letras pediulle ao filósofo Herminio Barreiro que reflexionara sobre o personaxe no momento do seu maior esplendor.



Putin posa para a sesión
fotográfica que realizou nas
súas vacacións na República
de Tuva o agosto pasado.



Ordalía sovietizante

Herminio Barreiro

Mentres contemplo algunhas fotos de verán de Putin, co seu torso musculoso e brillante como Rambo, un Putin de mirada arrogante, calma, desafiante, misteriosa, case indescifrable, penso no que foi a Unión Soviética... Penso na Revolución de Outubro. Penso nos soviets de obreiros, campesiños e soldados que asombraron o mundo por moito máis de dez días... Penso nos soños dos konsomols, dos koljós e dos sovjós... Penso no cerco de Leningrado e na resistencia case infinita dun pobo co que sempre, sempre se pode e se poderá contar (que ninguén esqueza isto). Un pobo que de ser alertado no ano 39, sen aquel pacto de non agresión tan inútil e costoso en vidas coa Alemaña de Hitler, sería capaz de rematar a Segunda Guerra mundial

non en Berlín, senón en Lisboa...


Penso, en fin, por todo isto e non sei ben porqué en Anatoly Karpov, unha icona do pensamento soviético máis abstracto e matemático, en Nicolai Bujarin, o neno mimado do Politburó e na súa novela *Cómo empezó todo*, en Mijail Suslov e nas súas abstrusas consideracións ideolóxicas. Penso en Andrei Gromiko, unha esfínxe. Penso en Yuri Andropov e no seu último esforzo para salvar a Patria, o Partido, o Estado e o que quedaba de socialismo e do espírito da Revolución de 1917 (¿canto resta de todo iso nas consciencias dos cidadáns ex soviéticos de agora mesmo? ¿canto resta de todo iso na eterna alma rusa invocada tantas

Posto vitalicio

Putin decidiu participar nas eleccións parlamentarias do seu país, previstas para decembro, como candidato na lista do seu partido, Rusia Unida. Deste xeito, abre a posibilidade de converterse en primeiro ministro e continuar coa súa carreira política en primeira liña, xa que a Constitución rusa impide ocupar o cargo de presidente por tres períodos consecutivos. En canto conclúa o período de primeiro ministro, podería aspirar de novo á presidencia. Con todo, el advirte de que deben darse dúas condicións: “que Rusia Unida gañe as eleccións e que unha persoa honrada, capacitada e moderna –coa que eu traballe en equipo– sexa elixida como presidente”.

O regreso de Gorbachov

O último dirixente soviético e pai da perestroika, Mijaíl Gorbachov, volve á política activa no seu país coa creación –foi neste mesmo mes de outubro– da Unión de Socialdemócratas (US), formación política que el mesmo encabezaría. Gorbachov, que desde os seus tempos como xerarca soviético se confesou socialdemócrata, criticou “a deformación do sistema parlamentario e do principio de división de poderes” que lle afecta actualmente á Rusia de Putin. O novo líder socialdemócrata denunciou que, “de feito, non haxa oposición real na sociedade rusa”, xa que se “toman medidas de represión policial contra calquera movemento de protesta”.



vezes por Chaikovski, Tolstoi, Dostoyevski, Andreyev, Gogol, Gorki, Shostakovich, Einsenstein, Pudovkin, Makarenko, Pissarev, Pavlov, Lenin. Stalin ou Trostki?).

Mentras contemplo algunhas fotos de Vladimir Putin, en pose de judoka e disposto a facer cabriolas sobre a colchoneta branca, elástica e relocente, penso no corpo morto de Constantin Chernenko, envolto na bandeira vermella coa fouce e o martelo e estou a escoitar aínda a repetida marcha fúnebre de Chopin naqueles funerais dos anos 80 en Moscú. Penso nun dinámico Mijail Gorbachov, aparentemente disposto a salvar todo o salvable, pero tratando de acometer malamente tódalas reformas a un tempo. Non se arranaxaba un Estado, demolíase o Estado. Non se reestruturaba un Estado, desestruturábase o Estado. A perestroika era “desperestroikizada”.

Mentres contemplo, en fin, algunhas fotos de

Vladimir Vladimirovich Putin, sentado no seu despacho do Kremlin ou camiñando lizgaio pola Praza Roxa, penso en Boris Yeltsin bebendo vodka e tambaleándose en múltiples ocasións. E asómbrome con James Petras de que un borracho fora capaz de esfarelar un Partido que contaba con case vinte millóns de afiliados. Razóns fondísimas tiña que haber para que se producira semellante abismo entre unha sociedade e os seus dirixentes.

No seu artigo *Mentiras deliberadas, muertes extrañas y agresión a la economía mundial*, publicado no diario *Granma* o xoves 20 de setembro do 2007, Fidel Castro analiza algúns episodios daqueles últimos 80 e primeiros 90 nos que “a URSS se derrumbou estrepitosamente”. E faino a través de diversas citas de libros, artigos e publicacións de personaxes tan directamente implicados na política mundial como o propio presidente Ronald Reagan, Margaret Thatcher, George Bush

O caso Litvinenko

Alexander Litvinenko, cuxo envelenamento se atribúe aos axentes rusos, é unha sombra máis no labirinto escuro que rodea o goberno de Putin, entre eles o asasinato da periodista Ana Politovskaya, moi crítica coa actuación do mandatario ruso. Litvinenko, ex coronel dos servizos secretos rusos, recibiu asilo político no 2001 pola Gran Bretaña, onde fuxiu tras explosivas denuncias e a persecución das autoridades rusas. Nado en 1962, Litvinenko chegou a subxefe do Departamento 7, encargado da loita contra o terrorismo e o crime organizado, un dos departamentos máis prestixiosos do Servizo Federal de Seguridade de Rusia (FSB, antiga KGB): A súa carreira veuse abaixo en 1998, cando denunciou unha serie de accións ilegais dos dirixentes

do FSB, encabezado daquela por Putin. Litvinenko afirmou, en particular, que recibira a orde de asasinar o secretario do Consello de Seguridade de Rusia, o empresario Borís Berezovski, hoxe tamén asilado en Londres e inimigo declarado de Putin. O propio Putin anunciou, pouco despois, que as denuncias “non se puideron comprobar” e en 1999 acusouno de “abuso de poder”. Foi cesado e detido. Litvinenko foxe de Rusia e aparece coa súa familia en Londres, desde onde continúa as denuncias: en 2002 acusa os servizos secretos rusos de voar dous edificios de vivendas en Moscova en 1999, acto terrorista que foi atribuído polo Kremlin a terroristas chechenos. Eses atentados ocorreron xusto en vésperas da segunda guerra de Chechenia, que serviu de transfondo para a campaña electoral de Putin á Presidencia.

Arriba, Putin –que é cinturón negro de judo– imparte unha clase maxistral o 24 de decembro do 2005 nunha escola de San Petesburgo, que foi retransmitida por televisión. Á dereita, alimenta un tenreiro na rexión de Belgorod, en Rusia, tamén no mesmo mes.



–pai do actual presidente norteamericano– e varios altos funcionarios da CIA que despois remataron a súa vida de mala maneira.

E di Fidel, preto do final do seu artigo: “Consta, por un artigo publicado no *New York Times* que a operación [está a falar da espionaxe sistemática e a todos os niveis da URSS por parte dos EEUU] utilizou case todas as armas ao alcance da CIA –guerra psicolóxica, sabotaxe, guerra económica, engano estratéxico, contraintelixencia, guerra cibernética–, todo iso en colaboración co Consello de Seguridade Nacional, o Pentágono e o FBI. Destruíu o puxante equipo de espionaxe soviético, danou a economía e desestabilizou o Estado dese país. Foi un éxito rotundo. De facerse á inversa (os soviéticos aos norteamericanos), podería verse como un acto de terrorismo”. Só unha cita máis: en boca de George Bush, pai, pon Fidel estas palabras repletas de connotacións: “Mijail Gorbachov contactoume en Camp David



na mañá do Nadal de 1991. Desexounos un feliz Nadal a Bárbara e a min e logo pasou a resumir o que sucedera no seu país: a Unión Soviética deixara de existir. El acababa de comparecer na televisión nacional para confirmar o feito e transferíralle o control das armas nucleares soviéticas ao Presidente de Rusia [Yeltsin]. “Poden gozar dunha tranquila noite de Nadal”, díxonos. E así rematou todo”...

¿Será capaz ese bravísimo e heróico pobo de resucitar das cinzas como unha nova ave fénix? ¿Será capaz de superar todos eses factores obxetivos e subxetivos que se conxugaron na súa contra nestes últimos anos? ¿Será capaz de vencer tanta traizón e tanta corrupción? ¿Quedaránlle folgos para reiniciar a revolución social? ¿Renacerá de todo isto unha nova Unión Soviética?... Kant era terminante a ese respecto: os pobos que coñecen os froitos dunha revolución –aínda que señan magros– xa non saben vivir moito tempo sen ela...

O máis querido polo pobo

Vladímir Putin segue sendo o político que conta co maior apoio dos rusos, segundo unha enquisa recente da fundación Opinión Pública. Preguntados sobre se apoian ó presidente, un 59 por cento dos consultados dixo que “si”, é dicir un 9 por cento máis que hai un ano nunha sondaxe similar da mesma fundación. Un de cada dous preguntados afirmou que votaría “sen equívocos” a Putin se os comicios presidenciais se celebrasen o vindeiro domingo, mentres que hai un ano se expresou no mesmo sentido un 47 por cento. Un 52 por cento dos participantes da sondaxe valorou a actividade de Putin na xefatura do Kremlin como “excelente” ou “boa”, outro trinta e oito por cento cualificouna de “satisfactoria” e un cinco por cento máis a

apreciou como “negativa”. Putin tamén foi citado como o político de maior confianza no país por un 38 por cento dos participantes da enquisa, ou un 8 por cento máis que hai un ano. O seguinte na lista de políticos que máis confianza se merecen entre a poboación é o ultranacionalista Vladímir Yirinski, cun apoio dun 9 por cento, aínda que outro 18 por cento lle negou o seu apoio, fronte a só un 2 por cento negativo no caso de Putin. Elixido presidente na primavera do ano 2000, Vladimir Putin renovou catro anos máis tarde o seu mandato, o último que lle permite a Constitución. As próximas eleccións presidenciais celebraranse en Rusia en marzo de 2008, uns meses despois de que sexan os comicios dos que debería saír o cargo do primeiro ministro, ao que Putin podería aspirar.

Arriba, Putin acariña un can en presenza de Bush pai durante unha visita a Estados Unidos o xullo pasado. Á dereita, co patriarca da Igrexa ortodoxa de Rusia, Alexandre II no servizo de pascua do mes de abril do 2007.



Os tres do Kremlin

Nos dezaseis anos transcorridos desde a asonada golpista que desencadeou a desintegración da Unión Soviética, tres líderes, Mijaíl Gorbachov, Borís Yeltsin e Vladímir Putin sucedéronse na xefatura do Kremlin. O anuncio de que fora destituído como presidente da Unión Soviética sorprendeu a Gorbachov na súa residencia estival de Crimea onde, segundo el mesmo declarou, os golpistas mantivérono incomunicado durante tres días. Nos seis anos anteriores, Gorbachov, que ascendeu á xefatura do Kremlin en abril de 1985, con 54 anos, cambiará ata o indecible a fisionomía da Unión Soviética coa súa política de apertura democrática e transparencia informativa. A “perestroika” de Gorbachov non só eliminara o monopolio constitucional do Partido Comunista sobre o exercicio do poder, senón que tamén callou fondo nos soviéticos, o que permitiu a Yeltsin solicitar o apoio popular necesario para abortar a asonada da ortodoxia comunista. Yeltsin, que criticaba a Gorbachov a súa indecisión na aplicación das reformas e a súa dependencia da burocracia partidista, chegou ata a acusalo de complicidade cos golpistas. De regreso, en Moscova, rexeitado polos comunistas e abandonado polos reformistas, Gorbachov intenta sen éxito frear a desintegración do país e, finalmente, excedido polos acontecementos, dimite do seu cargo o 25 de decembro de 1991.

Se Gorbachov foi un reformista cauteloso, Yeltsin, elixido presidente da daquela república soviética de Rusia por voto directo en 1991, pon toda a carne no asador e comeza 1992 cunha liberalización de prezos que da noite para a mañá converteu en pobres a decena de millóns de rusos. O desmantelamento do comunismo ou a “destrución dun dos sistemas totalitarios máis crueis e inmisericordes”, en palabras de Yeltsin, é o obxectivo central do primeiro período da súa xestión. En outubro de 1993, dissolve a canon de carros de combate o Soviet Supremo (Parlamento), onde se fixera forte a oposición. Dous meses máis tarde Rusia aproba en referendo a nova Constitución do país, que lle concede ó xefe de Estado

amplísimos poderes e elixe a Duma do Estado, o novo legislativo.

En decembro de 1994, os canóns volven falar, esta vez en Chechenia, onde Yeltsin lanza unha campaña para restablecer a orde constitucional nesa república norcaucásica que se declarou independente. A guerra, que se cobrou decenas de miles de mortos, conclúe en agosto de 1996 coa derrota do Exército ruso e a súa retirada de Chechenia. Para daquela, Yeltsin, de coñecida afección polo alcol, sufría graves problemas de saúde e en novembro dese ano foi sometido a unha operación de corazón. O verán de 1998 trae un novo azoute ós rusos: a brusca depreciación da moeda e o colapso do sistema bancario.

A deterioración de Yeltsin e o seu goberno faise evidente e o último día de 1999 dimite da xefatura do Estado, que é asumida polo primeiro ministro Vladímir Putin, ó que o dimisionario presidente recomenda como o seu sucesor. Putin, que foi directivo dos servizos secretos da URSS (antiga KGB), elixido presidente de Rusia en marzo de 2000 á idade de 47 anos e reelixido en 2004, non vacilou en cualificar a desintegración da Unión Soviética como “a maior catástrofe xeopolítica do século XX”. A súa misión pasa polo fortalecemento da verticalidade do poder estatal como único antídoto á desintegración de Rusia e en pouco máis de seis anos acaba practicamente coa guerrilla separatista chechena. Beneficiada por unha conxuntura favorable nos mercados internacionais de cru e tamén grazas a un política de austeridade fiscal, a Rusia de Putin vive un período de crecemento e estabilidade económica sen precedente desde a desaparición da URSS. Co aval das súas inxentes riquezas en hidrocarburos e o seu inalterable poderío militar, Rusia busca recuperar a súa condición de superpotencia... E búscalo a calquera prezo, mesmo a costa de converterse en eixe dun dos réximes máis sospeitosos de vulnerar os procesos democráticos.

M.D/A.R.

Gorbachov (esquerda)
Yeltsin e Putin son, desde
a caída da Unión
Soviética, os tres homes
que ocuparon o Kremlin.

Coordinación: A.R. López, Montse Dopico e S. Noia. Deseño: Signum.

